

AVISO FITOSANITARIO

Data: 09/V/2007

Meteoroloxía

Aumento das temperaturas durante a derradeira semana ata acadar os 24°C de media na DO Rías Baixas e os 25-28 nas DO de Ourense nas horas centrais do día.

Ausencia de precipitacións en todas as zonas vitícolas de Galicia. A humidade relativa do aire mantívose en valores superiores ao 70%, sobretudo nas zonas costeiras.

Ventos frouxos do noroeste.

As predicións para os próximos días apuntan un cambio do tempo coa aparición de choivas e ventos do suroeste.

VIÑEDO

Debido as boas condicións meteorolóxicas da semán (temperaturas favorables, radiación solar elevada e ausencia de precipitacións) e ao bo grao de humidade do chan, estanse a producir crecementos intensos dos pámpanos.

Estado fenolóxico medio:

G-H (acios separados a botóns florais separados).

Algunhas D.O. poden ter zonas en estado F (acios visibles).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Aparición das primeiras manchas de Mildeu (*Plasmopora viticola*) e Podremia negra o Black-rot (*Guignardia bidwellii*) nas DO de Ourense.

Nas Subzonas da DO Rías Baixas non apareceron novos focos de contaminación secundaria durante a semana.

Incidencia leve do Pedroulo (*Cneorhinus dispar* Graells) nos brotes novos

nalgunhas zonas. Vixiar os lindeiros da plantación.

Recomendacións da semán:

Recoméndase aplicar un funxicida específico para o Mildeu, preferiblemente de actividade sistémica. Frente a posibles ataques de Black-rot recoméndase aplicar unha materia activa autorizada para este fungo.

Coas altas temperaturas débese vixilar a aparición de ácaros, Acariosis (*Calepitrimerus vitis*) e Araña vermella (*Panonychus ulmi*), principalmente naqueles viñedos con ataque desta praga o ano pasado.

PATACA

Nos últimos días estase na plena sementeira na comarca da Limia.

MACEIRA

O risco de infección de Moteado (*Venturia inaequalis*) nas variedades sensibles nos derradeiros días foi decrecendo sensiblemente debido á ausencia de precipitación. Nembargantes, as previsións do tempo non permiten baixar o nivel de atención á enfermidade. Conven manter a plantación coverta co tratamento a base dun funxicida sistémico e non esquecer a combinación co efecto dos funxicidas de contacto e/ou penetrantes.

En todos os casos ter sempre en conta as indicacións das etiquetas dos produtos fitosanitarios a aplicar.